

## Declaración do Sindicalismo de clase e alternativo

# 14 NOVEMBRO: FOLGA XERAL LABORAL, SOCIAL, POLÍTICA E DE CONSUMO NON AO PAGO DA DÉBEDA: PLANTEMOS CARA

Vigo, Novembro de 2012

As organizacións sindicais aquí reunidas, dirixímonos a todas as traballadoras e traballadores, en activo ou en desemprego, estudantes, pensionistas, colectivos de desafiucados, persoas migrantes e integrantes dos movementos sociais para manifestar que:

**Convocamos Folga Xeral laboral, social, política e de consumo, hoxe 14 de novembro, á vez que valoramos positivamente o ámbito europeo desta convocatoria**, porque consideramos que isto é a consecuencia dunha reiterada demanda dende o sindicalismo de clase e alternativo -como o manifestamos expresamente na xornada estatal de loita do pasado 26 de setembro- e ademais é un clamor xeral nas manifestacións e folgas que percorren o noso país, os territorios do estado e os territorios veciños, nos demais países da rexión europea.

Millóns de persoas abarrotamos as rúas nos derradeiros meses, en mobilizacións de protesta que non teñen precedentes: desde o 15-M, a folga xeral do 29-M, a marcha mineira, as manifestacións do 19 de xullo, as do 25-S rodeando o Congreso, a devandita xornada estatal de loita do 26S, etc... A lista é interminable; porque vimos asistindo a unha continua perda de dereitos e liberdades, agravada pola **aceleración no deterioro das condicións de vida e de traballo**. E para elo o goberno emprega como instrumento a debeda pública, coa finalidade de deteriorar e privatizar todo o sistema público para conquistar un novo nicho de negocio privado.

**As políticas neoliberais levadas a cabo polos gobernos do capital leváronnos a esta situación de emerxencia social. Polo tanto, dende o sindicalismo de clase e alternativo**, non imos propiciar o apuntalamiento do sistema capitalista con medidas parciais, antes ao contrario, **pronunciámonos pola loita e a mobilización como elementos fundamentais de transformación social**, fronte ás imposicións da troika (FMI, BCE e Comisión Europea) e as políticas dos gobernos estatal e autonómicos que, de xeonllos, as asumen e nolas impoñen.

Os sindicatos institucionais, maioritarios polo se nivel de representatividade, configuraron nas últimas décadas un modelo sindical de concertación e pacto social que contribuíu ao mantemento do sistema capitalista, xestando un modelo de relacións laborais e negociación colectiva, pactado cos distintos gobernos e patronal, xestionado dende a prepotencia, e formando parte do engranaxe da política económica e social, baseado na perda progresiva dos dereitos laborais e sociais en beneficio do papel da patronal.

En resumo, contribúen ao sostemento do sistema obtendo o apoio interesado do poder. Así propiciaron o seu crecemento exponencial e a atribución da representatividade de toda a clase traballadora, **ignorando a pluralidade real existente e outras loitas sindicais e sociais na defensa das traballadoras e traballadores, polo que dende esta alternativa sindical continuamos opoñéndonos ás políticas sindicais de concertación social**.

Reiteramos que o referéndum non pode ser utilizado como un instrumento de desmobilización nin moito menos para solicitar un goberno de concentración nacional. A vontade popular está sobradamente expresada nas mobilizacións, nas rúas e no caso de Galiza, tamén nas urnas, xa que non podemos esquencer que a nova maioría absoluta do PP na Xunta de Galiza se sustenta no apoio, tan só, dun 25% da sociedade galega.

**Opoñémonos á suba do IVE**, que de xeito especial castiga á poboación que só ten ingresos para cubrir o consumo de alimentos básicos. Denunciamos que os cartos destinados ao rescate do sistema financeiro se faga a costa das persoas contribuíntes, incluso por enriba do presupuestado para os servizos públicos, tal como acordaron PSOE e PP coa reforma constitucional de setembro de 2011.

Asistimos a unha monumental **estafa, que debería ter consecuencias de enxuciamiento e cárcere** dos culpables desta situación. **Esiximos unha auditoría da débeda.**

Dende o sindicalismo de clase e alternativo **apoiamos os procesos assemblearios e as loitas impulsadas polas plataformas cidadás** que defenden valores solidarios, de oposición ao actual sistema capitalista e de construción dun novo modelo social, político e económico ao servizo dos intereses xerais.

**Contra o medo, hai que responder coa unidade e a loita.** O PP só responde coa criminalización da protesta social e a represión policial. Non ten ningún argumento máis. Pero este xeito de actuar demostra a súa debilidade, e a súa falta de apoio social. Por iso é imprescindible, e compre, ampliar, estender, e organizar as mobilizacións.

Compre xa, propor, de forma coordinada, un **calendario de mobilizacións** permanentes que tenda a **unificar as diversas loitas**, a recoller as propostas feitas dende os movementos de base e assemblearios e, en definitiva, a crear condicións favorables para que dea froitos esta nova convocatoria de Folga Xeral do 14 de Novembro, antes da aprobación dos próximos Presupostos Xerais do Estado.

Ante o máis que probable rescate, só retrasado por intereses partidistas, e que vai supoñer máis medidas de recortes sociais e laborais e máis perda de soberanía popular, seguiremos impulsando mobilizacións contundentes e masivas con todos os sectores afectados, sin medo, **PLANTANDO CARA.**

**Esiximos a derogación de todos os Decretos** (Reformas Laborais e recortes salariais, privatización da sanidade, educación, servizos sociais e servizos públicos, recortes en medidas fiscais, rescates financeiros, reformas xudiciais, dereitos vulnerados das persoas migrantes, reformas e recentralización das Administracións Públicas...) por considerar que atentan contra os dereitos e liberdades da clase traballadora e da sociedade no seu conxunto, beneficiando en exclusiva aos poderes económicos. A defensa inequívoca dos servizos públicos é garantía do mantemento dos dereitos da cidadanía.

O sindicalismo de clase e alternativo **apoiamos a loita das traballadoras e traballadores dos servizos públicos, da industria, do agro e do mar galego, das e dos estudantes e ANPAs**, etc..., así coma as últimos movementos e mobilizacións do 15-M e 25-S que amosan que amplos sectores populares van por diante das estruturas sindicais e políticas dominantes

**POR TODO ISTO O SINDICALISMO DE CLASE E ALTERNATIVO NOS POSICIONAMOS, E PLANTEXAMOS:**

- ✓ Non pagar a débeda nin os seus intereses. Esiximos unha auditoría da mesma e penas de cárcere para os culpables..

- ✓ noso desacordo co crecente armamentismo e reafirmámonos no NON á OTAN.
- ✓ Rexeitamos rotundamente as medidas represivas que, de xeito crecente, se toman contra as-os activistas sociais e sindicais que se opoñen ás medidas do goberno.
- ✓ Contra a reforma laboral e contra os recortes salariais.
- ✓ Negativa a seguir solicitando cartos para dedicalos ao sistema financeiro.
- ✓ Defensa dos servizos e empresas públicas (así como terras públicas e outros bens). Non ao seu deterioro nin a súa privatización.
- ✓ Parar as Políticas Agrarias e Pesqueiras Europeas XA.
- ✓ Persecución do fraude fiscal. Non ás amnistías.
- ✓ Pola igualdade de dereitos das persoas migrantes.
- ✓ Polos dereitos sexuais e reproductivos das mulleres.
- ✓ Pola laicidade do Estado.
- ✓ Contra a exclusión social e a pobreza. Esiximos unha Renda Básica que garante alimentos, auga, medicamentos (sanidade), libros (educación e cultura) e vivenda.
- ✓ Dimisión do Goberno central e dos Gobiernos Autonómicos, así como de calquera outro que estea ao servizo da Troika, por ser ilexítimos, xa que as súas medidas atentan contra os intereses xerais da poboación.
- ✓ Construción dunha alternativa social e política, de democracia directa, que defenda os intereses das clases populares.
- ✓ Establecemento dun salario mínimo e dunha pensión mínima que permitan vivir dignamente.

Chamamos ao conxunto das traballadoras e traballadores, persoas no paro, pensionistas, estudantes, colectivos de desafiucados, migrantes, e pertencentes aos movementos sociais para que continuemos loitando e organizándonos contra **os recortes e o saqueo de todo o publico**.

Asimismo facemos **un chamamento a todas as organizaciónes a seguir mobilizándonos despois de hoxe**, 14 de novembro, para darlle continuidade á Folga Xeral e para que esta consiga os seus obxectivos.

Como berramos nas ruas en todas as manifestacións: ¡Sí, se pode!, e todo xuntos, e unidos hoxe, podemos poñer a primeira pedra na caída deste goberno para defender o presente e o futuro da clase traballadora, do movemento estudantil, dos movementos sociais, e conquistar outro xeito de facer política.

*SF-Intersindical e STEG da Confederación Intersindical – (CGT) Confederación Xeral de Traballadores – (CUT) Central Unitaria de Traballadores/as – (CNT) Confederación Nacional do Traballo*

